

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DOUTOR SUÁREZ  
CURSO: 6º  
MATERIA: Música  
DEPARTAMENTO: Educación Artística  
DATA: 13 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.
B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreáas.
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a vos ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a vos ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a vos ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: observación sistemática das actividades teóricas a través de fichas interactivas, xogos on line e cuestionarios, e valoración das producións tanto materiais como audiovisuais do alumnado mediante vídeos e fotos.
	Instrumentos: valoración das actividades e producións a través de listas de control e rúbricas.
<b>Cualificación final</b>	Mediante a media aritmética do 1º e 2º trimestre e terase en conta positivamente o traballado durante o 3º trimestre
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Realizaremos actividades de reforzo e repaso nas que traballaremos contidos da primeira e segunda avaliación a través de fichas e actividades interactivas, cuestionarios, xogos on line e actividades prácticas de expresión musical a través da interpretación rítmica, melódica e corporal, así como de discriminación auditiva.</p> <p>Ademáis ampliaremos os contidos xa adquiridos polo alumnado deseñando actividades que poidan ser desenvolvidas de forma autónoma a partir de vídeos explicativos, esquemas, fichas, actividades interactivas, traballos de investigación, producións audiovisuais e construción de instrumentos.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Xa que todo o meu alumnado dispón de conectividade, uso un blogue como ferramenta principal para colgar as actividades semanalmente e información relevante. Ademáis usamos o correo electrónico como medio de comunicación coas familias e alumnado, envío de tarefas, seguimento e correccións persoais. Tamén uso o teléfono móbil en casos excepcionais.</p> <p>A metodoloxía ten un marcado carácter lúdico e moi activo, debido ás características da materia, polo que moitas das actividades serán de carácter práctico, para o cal o alumnado utilizará o vídeo como vía de transmisión do traballo. A flexibilidade é clave nestas circunstancias, sendo o alumnado quen marca o ritmo de traballo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ordenador e/ou teléfono móbil para comunicarse, enviar fotos e vídeos das tarefas e consultar o blog, correo electrónico, vídeos explicativos, páxinas web, xogos e actividades interactivas, e materiais caseiros para a construción de instrumentos e xogos musicais.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.